



## Concello de Sarria

### CADRO TIPO DE CARACTERISTICAS TECNICAS, ADMINISTRATIVAS E ECONOMICAS RELATIVAS A UN CONTRATO MENOR DE OBRAS

EXPEDIENTE N.º 1621/17	DENOMINACION: " PROXECTO TECNICO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASO URBANO DE SARRIA", CON FINANCIACION DA UNION EUROPEA ( FONDOS FEDER), DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION E MEDIO E DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA",	TIPO DE CONTRATO: OBRAS (Apartado 45.23 do Anexo I do TRLCSF)	EMPLAZAMENTO: Diversas rúas do casco urbano da Vila de Sarria.
1.TRAMITACION	ORDINARIA/ URXENTE		
2.XUSTIFICACIÓN	A actuación vén xustificada na memoria xustificativa incorporada ao proxecto técnico de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASO URBANO DE SARRIA", CON FINANCIACION DA UNION EUROPEA ( FONDOS FEDER), DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION E MEDIO E DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA". A súa execución ademáis deberá axustarse aos condicionantes impostos polas autorizacións sectorias do Servizo Provincial da Consellería de Infraestructuras e Vivenda e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.		

De conformidade cos arts. 22.1, 109, 138.3, 143, etc., do TRLCSF ( Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011), 73.2 do Real Decreto 1.098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e apartado 21.A.3) das Bases de execución do presuposto para 2.017, emítase o presente informe xustificativo da necesidade do contrato, características técnicas e importe calculado, das prestacións obxecto do contrato.

3.PROCEDIMENTO PROPOSTO	Contrato menor
4.Xustificación: Importe inferior a 50 .000 euros ( Art. 138.3 do TRLCSF)	

5.ENTIDADES OU PROFESIONAIS CON CAPACIDADE SUFICIENTE QUE SE PROPON INVITAR
Proponse substituír a invitación pola publicación no perfil do contratante da páxina web do Concello de Sarria: <a href="http://sarria.es/index.php?option=com_content&amp;view=article&amp;id=81%3Acontratacion&amp;catid=94%3Acontratacion&amp;Itemid=67&amp;lang=gl">http://sarria.es/index.php?option=com_content&amp;view=article&amp;id=81%3Acontratacion&amp;catid=94%3Acontratacion&amp;Itemid=67&amp;lang=gl</a>

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

### OBXECTO

6.DEFINICION	“PROXECTO TECNICO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASO URBANO DE SARRIA”, CON FINANCIACION DA UNION EUROPEA ( FONDOS FEDER), DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION E MEDIO E DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA”, ”
7.NECESIDADES A SATISFACER	Se xustifican na memoria do proxecto técnico.
8.CPV	45233140-2 Obras viais  45233270-2 Traballos de pintura de superficies de aparcamento  45233223-8 Traballos de repavimentación de calzadas.

9.-Xustificación da idoneidade do contrato: Xustifícase na memoria do proxecto

### 10.PREZO

10.1 VALOR ESTIMADO	33.057,85 €
10.2 IMPORTE MODIFICACION PREVISTAS	--
10.3 IVA	21% ( 6.942,15 €)
10.4 TOTAL	40.000 €
10.5 Xustificación do prezo: O sistema de determinación ven xustificado no proxecto técnico redactado e subscrito pola Arquitecta Técnica Municipal Dna. Fátima López Soto e para a súa execución dispónse dunha achega segundo Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral de Administración Local, de 7 de xullo do 2.017 de 26.446,28 euros .	
10.6 Fíxase por prezos unitarios	Sí
10.7 No seu caso, identificación destes	Proxecto Técnico subscrito pola Arquitecta Técnica Municipal Dna. Fátima López Soto
10.8 PLURIANUAL	NON

### 11.CONDICIONS TECNICAS DA PRESTACION DA OBRA:

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

11.1. Conforme ás condicións técnicas, de medios persoais e materiais e de seguridade e saúde recollidos no Proxecto Técnico redactado e subscrito pola Arquitecta Técnica Municipal Dña. Fátima López Soto. A súa execución ademais deberá axustarse aos condicionantes impostos polas autorizacións sectorias do Servizo Provincial da Consellería de Infraestructuras e Vivenda e da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

### 12. ESPECIFICACIONES RESPECTO DA PRESENTACION DE PROPOSTAS

12.1 PRAZO MAXIMO PROPOSTO	SESENTA (60) DIAS NATURAIS a contar do seguinte a comprobación do reformulo, e con data límite para a execución total da obra a do 15 de outubro do 2.017
12.2 Xustificación para o caso de ampliación dos legais: Non se prevé	

12.3 CONTIDO DA OFERTA A PRESENTAR	A) <b><u>Oferta económica segundo modelo Anexo II a presente proposta</u></b>
	B) Declaración Responsable conforme ao <b><u>Anexo I á presente proposta</u></b>
	C) De resultar esixible, <b><u>Acreditación das solvencias económica, financeira, técnica e profesional</u></b> , mediante os medios: sinalados no apartado 13.5 e 13.6 do presente cadro de características.
12.4 PLAZO DE PRESENTACION OFERTAS	Ata o día en que se fixe no perfil do contratante no momento da publicación do contrato e que non poderá ser inferior a CINCO (5) DIAS HABLES contados a partir do seguinte ao da súa publicación
12.5 FORMA E LUGAR DE PRESENTACION	A documentación integrante da oferta económica e a declaración responsable a que se refire o apartado 12.3, deberase presentar en sobre pechado en: a) Rexistro Xeral do Concello de Sarria: Rúa Maior, 14, 1º andar 27.600 SARRIA. TFNO: 982-53.50.00. FAX: 982- 53.09.16 . b) Por correo certificado coas formalidades esixidas polo artigo 80.4 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos

12.6 Proposta a esixencia de GARANTIA PROVISIONAL	NON
12.7 Caso afirmativo, contía proposta	
12.8 Caso afirmativo, xustificación da esixencia	

### 13. ESPECIFICACIONES RESPECTO DA ADXUDICACION

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

13.1 Mesa de Contratación: Non é precisa
13.2 Clasificación Empresarial proposta:
13.3 Organo encargado de valora-las ofertas: Alcaldía-Presidencia ou Concelleira/o en que delegue, Secretario Xeral e Interventora Xeral ou quen legalmente os substitúan.

13.4 CLASIFICACION ESIXIBLE	Non esixible
13.5.- Medios de ACREDITACION DAS SOLVENCIAS ECONOMICA E FINANCIERA propostos: Non é preciso.	
13.6.- Medios de ACREDITACION DAS SOLVENCIAS TECNICA E PROFESIONAL propostos: Non é preciso.	

14. Proposta ADSCRIPCION MINIMA DE MEDIOS	SI
14.1 No seu caso determinación: Os reflexados no proxecto técnico	
14.2 Titulación ou habilitación mínima esixible ao profesional ou persoa encargada da realización das tarefas inherentes ao servizo: --	

15. Proponse a determinación previa de subcontratistas	NON
15.1 Caso afirmativo, Xustificación da determinación:	

16.- CRITERIOS DE ADXUDICACION CUANTIFICABLES MEDIANTE UN XUIZO DE VALOR propostos:	Non se propoñen.
17. CRITERIOS DE ADXUDICACION CUANTIFICABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FORMULAS propostos:	<p><b>PRIMEIRO: Oferta económica referida ao prezo máis baixo . Valoración máxima ata 55 puntos de acordo coa seguinte fórmula:</b></p> $P_i = \frac{55 \cdot O_m}{O_i}$ <p>siendo (i = 1, 2, ..., n) las ofertas de los licitadores, donde:</p> <p>P<sub>i</sub> = Puntuación económica da oferta a valorar; O<sub>m</sub> = Oferta máis económica sen IVE, respecto do tipo de licitación sen IVE ( 33.057,85 euros) O<sub>i</sub> = Oferta económica a valorar sen IVE.</p>

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

	<p><b><u>SEGUNDO: Prazo de execución da obra expresado en días. Valoración máxima ata 20 puntos.</u></b> Puntuarase do seguinte xeito:</p> <p style="text-align: center;"><math>P=20 * Pmer/Pof</math></p> <p>Onde: P: Puntuación da oferta Pmer: é o prazo menor Pof: é o prazo ofertado</p>
18.ORGANO DE ADXUDICACION:	Xunta de Goberno Local.
19.DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA DO ADXUDICATARIO:	O adxudicatario do contrato, <u>no prazo de dez días hábiles</u> a computar dende a notificación da adxudicación deberá acreditar ante o Concello, a traves das correspondentes certificacións administrativas a que se refire o artigo 15 do R. D. 1098/2001, do 12 de outubro, de se achar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, Concello de Sarria e coa Seguridade Social, e deberá presentar o Programa de Traballo, Estudio de Seguridade e Saúde e no seu caso Plan de Residuos específico.

### 20. EXECUCION: ESPECIFICACIONES.

20.1 ACTA DE COMPROBACION DO REFORMULO	Prazo máximo de un mes.
20.2 PRAZO MAXIMO DE EXECUCION	SESENTA ( 60 ) DIAS NATURAIS dende a data da sinatura da acta comprobación do reformulo e data límite para a execución total da obra a do 15 de outubro do 2.017.

23. TECNICO/A DIRECTOR DAS OBRAS	O que se designe pola Xunta de Goberno Local.
----------------------------------	---

24. Proposta de PREVISION DE SUPOSTOS DE MODIFICACION DO CONTRATO	NON
24.1 No seu caso, determinación:	
25 .PARTICIPANTE NA RECEPCION DA OBRA: O Contratista, O Director de Obra,	

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

un técnico municipal e a Alcaldía.

26.PRAZO DE GARANTIA: UN (1) ANO.

27.REXIME DE PAGOS	Os pagamentos realizaranse contra certificación de obra executada achegando a factura correspondente e con suxeición ó disposto no artigo 216.4 , Disposición Adicional Tricesimosexta do TRLCSP, e concordantes do RXLCAP.
28.DATOS DA FACTURA	IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO: CONCELLO DE SARRIA CIF...P2705700I ÓRGANO: DECISORIO/XESTOR:ALCALDESA/PRESIDENTA IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Código da oficina contable: Intervención-Contabilidade, LA0003531 Código do órgano xestor, Alcaldía-Presidencia, LA0003533 Código da unidade de tramitación, Intervención-Facturación, LA0003536 Unidad tramitadora: LA0004627 INTERVENCIÓN
29.OUTRAS OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	<p>a) O contratista, dentro dos 10 días hábiles seguintes ao da adxudicación, presentará un programa de traballo e, no seu caso, o plan de seguridade e saúde, e o plan de residuos específico.</p> <p>b) O contratista deberá comeza-los traballos dentro dos quince días seguintes ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo.</p> <p>c) Na data de recepción da obra deberá entregar á administración unha reportaxe fotográfico relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras. A citada documentación poderaa empregar a administración libremente e sen limitación temporal.</p> <p>d) O contatista non podera ocupa-los terreos afectados pola obra ata recibi-la orde correspondente da dirección.</p> <p>e) O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, a condición de que sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.</p> <p>Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais, materiais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da</p>

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

---

construción e en concreto conforme ao previsto no proxecto técnico.

f) O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión. Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñezan, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais. En todo caso os materiais e os equipos empregados, adaptaranse ás características técnicas fixadas no proxecto técnico.

g) O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar con especial incidencia, as disposicións vixentes en materia de seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

h) Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como

---

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

---

consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

i) O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou perdas nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

Cando a natureza das obras, instalacións e subministracións así o esixan, a empresa adxudicataria deberá realizar, ben directamente, ben a través dunha empresa especializada, o mantemento destas ata que finalice o prazo de garantía establecido no presente cadro de características, asumindo os gastos que diso deriven.

j) Tanto as obras e instalacións, e subministracións obxecto do contrato, deberanse executar conforme ao previsto no proxecto técnico que serve de base ao presente contrato, cadro de características e ás directrices que pola Dirección de Obra se dispoñan na súa interpretación.

k) O contratista queda obrigado á súa costa a dar publicidade da actuación nos termos que se sinale na lexislación vixente, do convenio administrativo de colaboración ou calquera outro do documento que resulte de aplicación ao contrato. De tal xeito, na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel publicitario duante toda a execución do proxecto e ao fina da súa execución unha placa explicativa permanente nos que se aprecia que as actuacións conta co financiameiento da Unión Europea, Fondos Feader do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo cos modelos previstos na Resolución de concesión da subvención .

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta Cláusula.

m) O contratista presta conformidade expresa ao contido do proxecto técnico, do presente cadro

---

## Concello de Sarria





## Concello de Sarria

---

	de características técnicas, económicas e administrativas, e queda obrigado a executa-las melloras, que no seu caso formule na súa oferta, tanto si son obxecto de valoración coma si non o son.
--	--

### 30. Proposta de ESPECIFICACION DE PARAMETROS PARA APRECIAR OFERTAS CON PRESUNCION DE VALORES DESPROPORCIONADOS OU ANORMAIS

30.1 No seu caso, ESPECIFICAR PARAMETROS PARA A SUA APRECIACION ( Art. 152. 2) do TRLCSP)	Únicamente se podrán apreciar ofertas con presunción de valores desproporcionados ou anormais respecto ao factor prezo (apartado primeiro dos criterios de adxudicación). A estes efectos consideraranse en principio desproporcionadas, aquelas ofertas cuxo prezo se atopen nos supostos previstos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2011, do 12 de outubro, do Regulamento Xeral da Lei de Contratos.
30.2 No seu caso, outros	

A ALCALDESA-PRESIDENTA  
En Sarria na data refrexada dixitalmente ao marxe

( Documento asinado dixitalmente)



## Concello de Sarria

### ANEXO I

CONTRATO MENOR

“PROXECTO TECNICO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASO URBANO DE SARRIA”, CON FINANCIACION DA UNION EUROPEA ( FONDOS FEDER), DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION E MEDIO E DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA”.

#### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE:

D/D<sup>a</sup>

Rúa/Praza  N<sup>o</sup>

Poboación  CP

DNI  Expedido con data

En nome propio

En representación de  CIF

Rúa/Praza  N<sup>o</sup>

Poboación  CP

#### DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que a persoa física ou xurídica non se atopa incurso na prohibición de contratar á que se refire o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Faceda Estatal, Autonómica e co Concello de Sarria e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que dispón da plena capacidade de obrar, e conta coa habilitación empresarial ou profesional esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto deste contrato de conformidade co artigo 54 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no seu caso das solvencias económica, financeira, técnica e profesional esixibles e me comprometo a empregar cuantitativa e cualitativamente os medios persoais, mecánicos e materiais especializados e axeitados para a correcta execución e a mellor calidade dos traballos que comprende o obxecto do contrato e o proxecto técnico.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

a  de  de

Asdo.:

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



## Concello de Sarria

---

### ANEXO II

#### OFERTA ECONÓMICA

**DENOMINACION OBRA : “ PROXECTO TECNICO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO CASO URBANO DE SARRIA”, CON FINANCIACION DA UNION EUROPEA ( FONDOS FEDER), DO MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACION E MEDIO E DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA”.**

**NOME DA EMPRESA:**

**DIRECCION, TELEFONO E CORREO ELECTRONICO DE CONTACTO:**

**NIF:**

**REPRESENTANTE, NO SEU CASO:**

**PRIMEIRO\*.- PREZO OFERTADO E SEN IVE (EN LETRA E NUMERO):**  
\_\_\_\_\_ EUROS

**IVE (EN LETRA E NUMERO):** \_\_\_\_\_ EUROS

**IMPORTE TOTAL DA OFERTA (EN LETRA E NUMERO) :**  
\_\_\_\_\_ EUROS

**SEGUNDO\*.- PRAZO DE EXECUCION: \_\_\_\_\_ DIAS NATURAIS ( en letra e número)**

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_

Sinatura do Licitador

Asdo.: \_\_\_\_\_.»

\* En caso de discrepancia entre as cantidades expresadas en letra e as expresadas en número prevalecerán as cantidades expresadas en letra, agás que polo licitador se manifeste expresamente o contrario.

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916